



Cousa de raíces

CAMPANA A PROL DO NOSO BOSQUE AUTÓCTONO

ANTECEDENTES

O noso bosque autóctono merece que lle adiquemos un par de minutos de atención e nos preguntemos pola causa da súa situación actual, e o que podemos facer para milloralala.

O IV IFN (Inventario Forestal Nacional) de 2009 establece que a superficie de frondosas no noso territorio é de 413300,52 ha (o 29,19% da superficie forestal arborada) distribuídos de forma irregular e que, comparado con III IFN (1998), **existe un claro retroceso do bosque autóctono na zona atlántica**. Este feito é consecuencia directa das políticas ambientais, de ordenación do territorio e do medio rural. Políticas que pretenden a desprotección ambiental do noso monte, e o uso en exclusivo de monocultivos forestais con especies de crecemento rápido e de cultivos enerxéticos.

Mais o principal activo para defender o noso bosque autóctono somos as persoas. Se descoñecemos o que temos próximo, será moi difícil chegar a estimalo.. Acheguémonos ao noso bosque (autóctono) para escoitalo, sentilo, vivilo; e sobre todo para saber o que temos: *un bosque do que se pode vivir, convivir e gozar*. **Agardemos que non teñamos que perdelo para comezar a valoralo.**

OBXECTIVO E FINALIDADE

O principal obxectivo da campaña é o de **aumentar a conservación das nosas masas de árbores e o coñecemento sobre a súa necesaria existencia**, tamén como recursos produtivos e de creación de emprego. A través dela, preténdese facer presión mediática e política sobre as obrigas da propia administración no cumprimento da normativa existente para a conservación efectiva das nosas masas autóctonas. A nivel social, pretendemos impulsar unha concienciación positiva do valor das árbores autóctonas en sentido pleno: *económico, cultural, ambiental..*

ACCIÓNS DA CAMPAÑA

O carácter positivo e aberto da campaña tenta **acadar a confluencia de distintas ópticas e esforzos nun mesmo obxectivo**, sen esquecer as graves ameazas que afectan xa a estes valiosos espazos: *lumes, eucaliptización, biomasa, cultivos enerxéticos, talas polo pé de carballeiras e bosques de ribeira..* Tratarase de aproveitar os recursos e elementos que xa se están desenvolvendo nunha acción colectiva e sinérxica.

Poderán sumarse a esta campaña todos os colectivos, organizacións e persoas que así o desexen, tendo como nexo de unión o lema "**Cousa de raíces**". Baixo este enfoque común, as accións poderán ser divulgativas, formativas, educativas, reivindicativas, produtivas, de custodia, etc., dependendo do que cadaquén estea disposto e queira achegar.

APRESENTACIÓN DA CAMPAÑA: Domingo 8 de xuño na Eira da Xoana (Ramil, Agolada)

CONTACTO: cousaderaices@adega.info